

DON JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA , na súa calidade de VICE-PORTAVOZ do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A LEVAR A CABO MELLORA E EMBELECEMENTO DO CENTRO DA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Monforte é a segunda cidade da provincia de LUGO, en número de habitantes, e esta moi cerca de OURENSE capital que na actualidade esta comunicada excelentemente por medio do AVE co resto de España. Somos a capital da Ribeira Sacra e temos un potencial cultural, histórico e paisaxístico dos máis importante da contorna.

Sen embargo temos o centro da cidade falto de atención estética para fomentar o turismo así como a actividade económica no sector comercio. Mentres as casas do casco histórico caen a anacos, se invisten case 700.000 euros en una fonte de 25 metros de diámetro rompendo a sintonía paisaxística do Parque dos Condes.

O mesmo que no Paseo do Malecón, onde se pretende construír unha enorme ponte valorada en cinco millóns de euros, rompendo tamén coa beleza paisaxística do entorno.

As prioridades de este equipo de goberno non son embelecer a cidade, a estética da mesma, a humanización ou preservar as árbores e a vexetación.

O centro da cidade é o que máis se ve e se visita na cidade, por iso vemos fundamental levar a cabo unha serie de actuacións que mellore a imaxe tan deteriorada que ten.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo para o seu debate e aprobación no Pleno da Corporación.

- Que o equipo de goberno prepare e execute un plan de coidado estético do centro e casco histórico da cidade levando a cabo as seguintes medidas:
 - Actuacións, en colaboración con outras administracións, de rehabilitación do casco histórico.
 - Soterramento do cablaxe.
 - Arranxar os problemas que orixinan as inundacións na zona de Doctor Goyanes, Rúa Hortas e Compañía.
 - Evitar levar a cabo o actual proxecto da Ponte do Malecón.
 - Flexibilizar a normativa de tráfico nas zonas peonís para residentes e así potenciar a residencia nesta zona.
 - Preservar o arboredo na zona do Malecón e potenciar máis a beira do Río na zona centro.